

Adxudicación definitiva da contratación á empresa "DICSA" da contratación das obras do rehabilitación de ABELEIRA MENENDEZ 18-20.

O comité executivo do Consorcio Casco Vello de Vigo, en **Sesión Ordinaria do trece de agosto de dous mil nove**, acorda:

Primeiro.- Adxudicar definitivamente á empresa DECORACIÓN INSTALACIONES Y CONSTRUCCIONES, S.A. Unipersoal, (DICSA) a execución das obras de rehabilitación das edificacións da rúa Abeleira Menéndez, 18-20, a favor da empresa contratante, pola cantidade de 443.925,23 euros. A esta cantidade engadirase o IVE (7%) que supón 31.074,77€, o que fai un total de 475.000,00 euros. A obra executarase nun prazo de dez meses contados dende o día seguinte ao da sinatura da Acta de comprobación do replanteo, con estrita suxeición ao Prego de Cláusulas administrativas particulares que rexeron para a contratación das obras de rehabilitación e aos planos, cadros de prezos, e demais documentación que figuran no proxecto aprobado polo Consorcio Casco Vello de Vigo, documentos contractuais que cofiece e acepta plenamente.

Segundo.- Facultar o Sr. Presidente para formalizar o correspondente contrato de conformidade co establecido de acordo co disposto na Ley 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos del Sector Público e no prego de condicións."